



Indicacións para...

- ☒ presentar textos
- ☒ enviar correos
- ☒ tomar apuntamentos
- ☒ citar
- ☒ facer esquemas
- ☒ facer resumos
- ☒ definir
- ☒ expoñer
- ☒ argumentar

Este caderno será utilizado ao longo de todos os cursos da ESO e do Bacharelato.



TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS

Caderno TIL para o alumnado

ies.felix.muriel@edu.xunta.gal



INDICACIÓNS PARA A ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

I. EDICIÓN MANUAL

- Entregaranse escritos a bolígrafo azul ou negro, nin a lapis nin en calquera outra cor.
- Coidarase a limpeza.
- Coidarase que a letra sexa lexible.
- Respetaranse as marxes e o interliñado, diferenciando visiblemente os parágrafos.
- En caso de ocupar máis dun folio, entregaranse unidos con grampas na parte superior esquerda.
- Nos restantes aspectos (encabezamento ou portada e índice), aplicaranse as indicacións do formato dixital.

II. EDICIÓN DIXITAL

- Usar formato páxina: tamaño A4, marxes preestablecidas polo programa, folio branco.
- Usar formato parágrafo: sen sangrado, cun espazo entre liñas de 1.5
- Usar formato letra do corpo: tipo Arial, Calibri, Times New Roman ou Verdana, tamaño 12.
- Inserir número de páxina: no rodapé e centrada.
- Configurar para unha tarefa:
 - Tamaño 10 (aliñados á esquerda):
 - Nome da alumna/o
 - Materia, nivel e grupo
 - Nome da tarefa
 - Título do traballo: tamaño 18.



II. EDICIÓN DIXITAL

- Configurar para un traballo:
 - Darlle formato á portada.
 - Título do traballo: Aplicar o formato de “Título do documento”, tamaño 18.
 - Apartados de primeiro nivel: Aplicar o formato de “Título 1”, tamaño 16.
 - Apartados de segundo nivel: Aplicar o formato de “Título 2”, tamaño 14.
 - Inserir índice.
 - Inserir fontes de documentación (segundo as pautas recollidas no Caderno TIL).
- Gardar o documento con curso_ApelidosNome. Ex:
IesoC_LopezMartinezRosendo
- Exportar a PDF para a súa entrega ou respectar o formato solicitado pola persoa docente.
- Para os envíos por correo-e, no asunto indicárase o nome da tarefa.

OBSERVACIÓNS

- Seguiranse as indicacións que recolle o Caderno TIL para os distintos tipos de textos, desenvolvendo a estrutura e as súas partes por medio de parágrafos.
- Os traballos e as tarefas só se recollerán no formato e soporte requeridos (texto escrito a man, arquivo de texto, imaxe, audio, vídeo...) ea través do medio indicado (papel, correo-e, aula virtual...)
- Os prazos indicados serán de obrigado cumprimento. Non se recollerán tarefas fóra de prazo sen causa xustificada.

INDICACIÓNS PARA O ENVÍO DE TAREFAS Á AULA VIRTUAL OU POR CORREO-E

- 1.O formato dos arquivos adxuntos será como segue:
 - a.O formato do arquivo indicaraao a persoa docente (DOCX, ODT, PDF...). No caso de textos enviados pola Aula Virtual, deberán compartirse sempre en formato PDF.
 - b.O nome do arquivo deberá recoller sempre estas indicacións:

CURSO	NIVEL	GRUPO	APELIDOS	NOME
1	eso	C	LopezMartinez	Rosa

1. Os enlaces utilizados no arquivo adxunto inseríranse como “hiperligazóns” (As explicacións ao respecto deberán darse en 1ºESO).
2. As tarefas que se envíen por correo electrónico deberán respectar ademais estas indicacións:
 - a. Enviáranse sempre en arquivos adxuntos, nunca na caixa do correo.
 - b. Deberán levar no **ASUNTO** o **nome da tarefa**.
 - c. A caixa do correo deberá conter un texto con **saúdo**, indicación da tarefa que se envía e **despedida**.

EXEMPLO:

ASUNTO	Artigo <i>Forever in Galicia</i>
CAIXA DO CORREO	Bos días, <i>Profe!</i> Envíoches a miña tarefa sobre a presentación da obra <i>Forever in Galicia</i>. Saúdos, Rosa
ARQUIVO ADXUNTO	1esoC_LopezMartinezRosa

**PARA QUE SERVE?**

Tomar apuntamentos serve para reflexionar sobre a información tratada na aula e poder interiorizala. Ademais axuda a prestar atención (escoita activa) e a mellorar o rendemento académico.

INDICACIÓNS

1. Prestar atención ás explicacións e indicacións da persoa docente para discriminar a información (diferenciar o importante do irrelevante).
2. Usar palabras propias sen copiar ao ditado; salvo as datas, definicións, fórmulas, nomes propios...
3. Anotar só as ideas principais, identificando os títulos de cada apartado.
4. Organizar a información en parágrafos, separando as distintas ideas.
5. Usar frechas para sinalar a relación entre ideas.
6. Recoller a información de xeito coherente (que teña sentido).
7. Incorporar, ademais de texto escrito, gráficas, debuxos, esquemas...
8. Usar abreviaturas para aforrar tempo.
9. Revisar os apuntamentos para comprobar se foi recollida a información de xeito adecuado.
10. Anotar dúbidas para consultar á persoa docente ao final da explicación.



4

INDICACIÓNS PARA CITAR FONTES, TEXTOS E OBRAS

PARA CITAR FONTES DE INFORMACIÓN

Ao final de cada traballo de investigación, tarefa, ou actividade de produción textual, debemos citar sempre as fontes que utilizamos.

- Se é un documento impreso (libro):

Apelido en maiúsculas e nome do autor-a	Título da obra en cursiva	Ano de publicación da obra	Nome da editorial na que foi publicada a obra	Número das páxinas nas que se atopa a información citada
MOURE, T.	<i>Ecolingüística</i>	(2011)	Editorial Universidade da Coruña	pp 7-13

Exemplo: **MOURE, T. *Ecolingüística* (2011) Editorial Universidade da Coruña, pp. 7-13.**

- Se é unha fonte dixital (blog, xornal, Galipedia, páxina web...) :

Apelido e nome do autor-a	Data de publicación	Título do artigo	Nome do blog en cursiva	Recuperado de... (enlace ao sitio)
Aleixandre, M.	(09-01-2018)	Xohana Torres: A que arriscou	<i>Marilar Aleixandre</i>	http://marilar.gal/novas/xohana-torres-a-que-arriscou-3/

Exemplo: **Aleixandre, M. (09-01-2018). Xohana Torres: A que arriscou. *Marilar Aleixandre* <http://marilar.gal/novas/xohana-torres-a-que-arriscou-3/>**

Nome do autor-a	Data de publicación	Título do artigo	Nome do xornal ou revista en cursiva	Recuperado de... (enlace ao sitio)
Dacosta, M.	(27-12-2021)	O lume da toxeira	<i>Nós Diario</i>	https://www.nosdiario.gal/opinion/marta-dacosta/o-lume-da-toxeira/20211227084244134680.html

Exemplo: **Dacosta, M. (27-12-2021). O lume da toxeira. *Nós Diario* <https://www.nosdiario.gal/opinion/marta-dacosta/o-lume-da-toxeira/20211227084244134680.html>**



4

INDICACIÓNS PARA CITAR FONTES, TEXTOS E OBRAS

Nome do artigo	Data da última edición	Nome do sitio web en cursiva	Recuperado de... (enlace ao sitio)
Rosalía de Castro	(18-01-2022)	<i>Galipedia, a wikipedia en galego</i>	https://gl.wikipedia.org/wiki/Rosal%C3%ADa_de_Castro

Exemplo: **Rosalía de Castro (18-01-2022). *Galipedia, a wikipedia en galego***
https://gl.wikipedia.org/wiki/Rosal%C3%ADa_de_Castro

Nome do autor-a	Nome do sitio web en cursiva	Ligazón... (enlace ao sitio)
Cebreiro, X.	<i>Materiais remexer</i>	https://remexer.com/#portfolio4

Exemplo: **Cebreiro, X. *Materiais remexer*** <https://remexer.com/#portfolio4>

PARA CITAR TEXTOS

Ao longo das nosas producións textuais, precisamos facer referencia a fragmentos de textos. No noso centro acordamos o seguinte modelo de citación:

- Nos documentos escritos á man, as citas das obras ou textos van sempre **entre comiñas**.
- Nos textos dixitais, as citas van sempre **en cursiva**.
- En ambos casos deben engadirse entre parénteses o número de liña/s ou verso/s a que corresponden esas citas con respecto ao texto citado.

PARA CITAR OBRAS

- Nos documentos escritos á man, os títulos das obras deben ir **subliñados**.
- Nos documentos dixitais, irán **en cursiva**.



PROCESO

1. **Ler comprensivamente o texto.**
2. **Subliñar os elementos clave do texto (palabras, frases ou enunciados).**

Os seres máis desprotexidos da Terra son as nenas. Nin as baleas, nin as abellas, nin os tigres de Bengala, nin os cans de caza: as nenas. Porque se é tarefa de risco ser muller nun mundo desbordado de misoxinia, ser nena e sobrevivir é unha proba de resistencia.

Segundo UNICEF, máis de 120 millóns de nenas son abusadas sexualmente cada ano. Milleiros son secuestradas polos tratantes de persoas con destino á prostitución. En moitos países é legal que as nenas casen con homes maiores, ou que se lles practique a ablación de clítoris, ou que sexan obrigadas a seguir adiante con embarazos produto de violacións xeralmente ocorridas no seo da propia familia.

As nenas son abortadas (a partir dos anos 80 e as ecografías) na India, Paquistán, Xapón, China, Filipinas, Armenia, Acerbaixán, Xeorxia e Corea do Sur. Tamén en países desenvolvidos do primeiro mundo como Alemaña ou Reino Unido. O patriarcado global prefire os fillos. As mulleres son unha carga. Hai que alimentalas para que logo casen e non presten ningún servizo á familia, coidar a súa honra, procurarlles un dote... E, aínda por riba, non perpetúan a «liñaxe».

A vulnerabilidade das nenas é tan espantosa como a indiferenza das institucións e gobernos fronte a esta inxustiza. Hai uns días, o exército do Paraguai (un país cunha ampla tradición antidemocrática), no que chamou exitoso operativo antiterrorista, asasinou a sangue frío a Aurora e Lilian, dúas nenas arxentinas de 10 e 11 anos, unhas «feroces guerrilleiras». Un horror incualificábel que esixe condena.

Eles posaron logo para a foto. Sorrindo. Como os que matan elefantes.

Darriba, L. (12-09-2020) Nenas. Nós Diario

<https://www.nosdiario.gal/opinion/luz-darriba/nenas/20200911114759104775.html>



3. Converter os enunciados subliñados en ideas.

- A misoxinia
- O odio ás mulleres desprotexe as nenas
- A vulnerabilidade das nenas nun mundo misóxino
- Nenas abortadas
- Nenas abusadas sexualmente
- Nenas secuestradas para a prostitución
- Nenas obrigadas a casar con homes maiores
- Nenas obrigadas a unha ablación do clítoris
- Nenas sen dereito ao aborto despois dunha violación
- A marxinação da muller no sistema patriarcal
- A muller como carga alimentaria
- A muller como carga para o coidado da honra
- A muller como carga para darlle o dote
- A muller non perpetúa a liñaxe
- Indiferenza das institucións e gobernos

4. Organizar as ideas segundo a súa importancia (primarias, secundarias, terciarias...).



**5. Xerarquizar as ideas a través dunha organización numérica.***O odio ás mulleres desprotexe as nenas*

1. A vulnerabilidade das nenas nun mundo misóxino
 - a. Nenas abortadas
 - b. Nenas abusadas sexualmente
 - c. Nenas secuestradas para a prostitución
 - d. Nenas obrigadas a casar con homes maiores
 - e. Nenas obrigadas a unha ablación do clítoris
 - f. Nenas sen dereito ao aborto despois dunha violación
2. A marxinação da muller no sistema patriarcal
 - a. A muller como carga
 - i. carga alimentaria
 - ii. carga para o coidado da honra
 - iii. carga para darlle o dote
 - b. A muller non perpetúa a liñaxe

LISTAXE DE VERIFICACIÓN	NON	MAL	BEN
Selecciona adecuadamente as ideas (subliñado ben realizado)			
Enuncia adecuadamente as ideas (transforma o subliñado en ideas)			
Organiza adecuadamente esas ideas (disposición visual das ideas)			
Xerarquiza adecuadamente (sen repeticións nin ausencias de ideas claves)			
Expón sinteticamente as ideas (sen superar unha liña, sen explicacións)			
Expón as ideas a través dunha organización numérica ou alfanumérica			
Expón as ideas sen elementos non verbais (guións, asteriscos, frechas...)			
Respecta as propiedades textuais			
Respecta as normas ortográficas e gramaticais			
Respecta as indicacións para a presentación de tarefas			

**PROCESO**

1. Lectura comprensiva do texto.
2. Subliñado das ideas principais no texto.
3. Elaboración dun novo texto a partir dos enunciados subliñados:
 - a. Usando as túas palabras
 - b. Respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión)
 - c. Usando a 3ª persoa (sen estilo directo)
 - d. Evitando interpretacións e opinións propias
 - e. Facendo uso da economía verbal

OBSERVACIÓNS

Un resumo non pode confundirse cun comentario de texto. Isto invalidaría a súa avaliación, pois non poderán ser avaliadas as producións textuais que non se correspondan coa tarefa solicitada. Por outra parte, no caso de textos cunha extensión manifestamente menor da solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da tarefa.

**TEXTO LITERARIO 1. COUSAS. CASTELAO (1926-29)**

Se eu fose autor escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

Lance primeiro

Érguese o pano e aparece unha corte aldeá. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ao redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros. Todos choran a fío e enxoitan os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgraza. O pranto debe ter unha graza choqueira, para que estoupen de risa os do patio de butacas. E cando se farten de rir os señoritos baixará o pano.

Lance segundo

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ao seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto e enxoitan as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi a modiño.

RESUMO

En caso de escribir unha peza teatral, duraría dez minutos e estruturaríase en dous lances. O primeiro representaría o pranto dunha familia aldeá sostida por mulleres chorando arredor dunha vaca morta, mentres rin no patio de butacas. O segundo, o pranto dunhas fidalgas pola morte dunha cadela, mentres rin no galiñeiro.

**TEXTO LITERARIO 2. COUSAS. CASTELAO (1926-29)**

Chámanlle a “Marquesiña” e os seus peños endexamais se calzaron.

Vaí á fonte, depelica patacas e chámanlle a “Marquesiña”.

Non foi á escola por non ter chombra que pór e chámanlle a “Marquesiña”.

Non probou máis lambetadas que unha pedra de sucre e chámanlle a “Marquesiña”.

A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

¡E aínda lle chaman a “Marquesiña”!

RESUMO

Unha nena moi pobre recibe o alcume de “Marquesiña”, porque a súa nai traballa de xornaleira para o marqués.

TEXTO XORNALÍSTICO. SUICIDIO. IRIA VEIGA

Hai pouco preguntáronme se pensaba que o suicidio era un tema axeitado para tratar con rapaces e rapazas de ensino secundario. Ben, os rapaces de secundaria suicídanse, respondín. Ante o escándalo e a incredulidade do meu interlocutor, os datos son concluíntes. O suicidio é a primeira causa de morte violenta na Galiza, por diante dos accidentes de tráfico. Entre as persoas de 15 a 24 anos, é a terceira causa de morte máis frecuente. Do mesmo xeito que hai campañas de prevención de accidentes de tráfico ou de promoción de hábitos saudables non debera haber campañas de prevención do suicidio? Como sempre que se fala de saúde mental, aparece o estigma condicionando a nosa actitude e as políticas públicas. Hai varias ideas falsas sobre o tema que se dan cita para dificultar enormemente as tarefas de prevención:

1. A falsa crenza de que falar ou informar sobre o suicidio xera máis suicidios. O que pode aumentar o suicidio é informar sobre el de xeito sensacionalista, romantizalo ou presentalo como algo extraordinario, repentino e inevitable, ou peor aínda, como unha decisión racional ante unha situación vital.
2. A idea de que quen desexa suicidarse faino sen avisar e quen fala disto quere “chamar a atención”. A realidade é que unha grande proporción das persoas que consuman un suicidio buscaron axuda antes, ben no sistema médico, ben na súa contorna. Esta axuda, por diversos motivos, non resultou eficaz.



3. Crer que preguntarlle a alguén se pensou en suicidarse induce ao suicidio. Esta idea é particularmente absurda e ao mesmo tempo moi estendida: induce ao roubo preguntarlle a alguén se roubou?

RESUMO

Hai quen considera que o suicidio non é un asunto axeitado para tratar con adolescentes a pesar de que é a primeira causa de morte violenta en Galiza e a terceira entre persoas de 15 a 24 anos. As razóns para non abordalo van desde falacias como a indución ao suicidio se se fala do tema ou a idea de que quen fala del é para chamar a atención. Fronte a isto, hai quen cre que a única maneira de acabar co estigma que rodea a saúde mental é desenvolver campañas de prevención abordando o problema.

LISTAXE DE VERIFICACIÓN	NON	MAL	BEN
Identifica correctamente as ideas principais (subliñado ben realizado)			
Capacidade de expresión propia (sen copiar e pegar do texto)			
Elabora un novo texto (respectuoso co rexistro)			
Constrúe un novo texto coherente (con sentido en si mesmo)			
Redacta un novo texto cohesionado (unindo as partes con conectores)			
Expón a información textual sen opinións propias (sen interpretacións nin valoracións persoais ou subxectivas, usando a 3ª persoa)			
Capacidade de síntese			
Respecta as normas ortográficas			
Respecta as normas gramaticais			
Respecta as pautas de presentación de tarefas			



PROCESO

- 1.As definicións de termos solicitaranse sempre referidas ao contexto no que se atopan. (VER O TEXTO QUE SE ACHEGA A MANEIRA DE EXEMPLO)
- 2.Cada definición iníciase cunha palabra da mesma clase que o termo que se vai definir, polo tanto debemos evitar sempre empezar as nosas definicións por expresións do tipo: “é”, “é como”, “é como cando”, “é como cando por exemplo”, “en plan”, “é cando”...
 - os substantivos defínense iniciando a definición por un substantivo, respectando o xénero e número (recoméndase usar un hiperónimo).
Ex. Luva: prenda de vestir que cobre a man e os dedos
 - os adxectivos defínense iniciando a definición por un adxectivo, respectando a súa flexión. Ex. Melómanas: amantes da música
 - os verbos defínense iniciando a definición por un verbo, respectando a súa flexión. Ex. Fritía: cociñaba alimentos nunha tixola con aceite fervendo
- 3.Excluíranse das definicións o termo que se está a definir así como as palabras da súa mesma familia léxica.
- 4.A definición deberá ser de elaboración propia, non unha reprodución memorizada. Evitarase imitar as fórmulas dos dicionarios, porque dificultan a comprensión do termo ou non aclaran o seu contido.

OBSERVACIÓNS:

- Unha definición non é unha enumeración de sinónimos, se ben, si se pode enriquecer con sinónimos despois da definición propiamente dita.
- Unha definición non é un exemplo.



7

INDICACIÓNS PARA ELABORAR DEFINICIÓNS

TAREFA

Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras, elaborando unha definición adecuada das mesmas: “promoción”, “hábitos”, “racional”, “desexa”, “induce”, “absurda”.

TEXTO

Suicidio

Hai pouco preguntáronme se pensaba que o suicidio era un tema axeitado para tratar con rapaces e rapazas de ensino secundario. Ben, os rapaces de secundaria suicídanse, respondín. Ante o escándalo e a incredulidade do meu interlocutor, os datos son concluíntes. O suicidio é a primeira causa de morte violenta na Galiza, por diante dos accidentes de tráfico. Entre as persoas de 15 a 24 anos, é a terceira causa de morte máis frecuente. Do mesmo xeito que hai campañas de prevención de accidentes de tráfico ou de promoción de hábitos saudables non debера haber campañas de prevención do suicidio? Como sempre que se fala de saúde mental, aparece o estigma condicionando a nosa actitude e as políticas públicas. Hai varias ideas falsas sobre o tema que se dan cita para dificultar enormemente as tarefas de prevención:

1. A falsa crenza de que falar ou informar sobre o suicidio xera máis suicidios. O que pode aumentar o suicidio é informar sobre el de xeito sensacionalista, romantizalo ou presentalo como algo extraordinario, repentino e inevitable, ou peor aínda, como unha decisión racional ante unha situación vital.
2. A idea de que quen desexa suicidarse faino sen avisar e quen fala disto quere "chamar a atención". A realidade é que unha grande proporción das persoas que consuman un suicidio buscaron axuda antes, ben no sistema médico, ben na súa contorna. Esta axuda, por diversos motivos, non resultou eficaz.
3. Crer que preguntarlle a alguén se pensou en suicidarse induce ao suicidio. Esta idea é particularmente absurda e ao mesmo tempo moi estendida: induce ao roubo preguntarlle a alguén se roubou?

Iria Veiga

RESOLUCIÓN DA TAREFA

Promoción: difusión e concienciación no seo da sociedade.

Hábitos: comportamentos frecuentes e repetitivos.

Racional: meditada a conciencia e produto dunha reflexión profunda.

Desexa: quere con intensidade.

Induce: conduce de forma irremediable.

Absurda: ausente de lóxica.



7

INDICACIÓNS PARA ELABORAR DEFINICIÓNS

LISTAXE DE VERIFICACIÓN	BEN	MAL	SEN FACER
A clase de palabra que inicie a definición deberá ser a mesma do termo a definir e posuír as mesmas categorías gramaticais.			
O termo a definir non formará parte da definición.			
A definición non se reducirá a unha enumeración de sinónimos nin se servirá de exemplos.			
Elaborarase a definición evitando expresións do tipo “é como”, “é cando”, “é por exemplo”...			
A resposta expresarase de xeito adecuado, coherente, cohesionado e correcto.			



TIPO DE TEXTO

Un texto expositivo dá a coñecer información con obxectividade, non aporta opinións, e faino cunha linguaxe clara e precisa. Dentro deste tipo de textos pódese atopar gran variedade de exemplos tanto escritos, como orais ou audiovisuais; por exemplo a redacción dun tema en calquera materia, a exposición oral dun tema, a elaboración dunha presentación informática... Polo tanto, o que se indica aquí é unha estrutura básica sobre a cal construír calquera destes textos.

PROCESO

Estrutura (partes dun texto expositivo)

1. **Introdución:** Presentación ou achegamento ao tema e ao seu contexto. Serve para explicar o tema que se vai abordar. A súa extensión límitase a un parágrafo breve. (Non debe supor máis do 10% do texto expositivo)
2. **Desenvolvemento:** Explicación a través da cal se achega información arredor de distintos aspectos do tema. Atópase dividido en parágrafos. Pódese facer de varias formas dependendo do tipo de tema que esteamos a tratar: (Debe supor o 80% do texto expositivo)
 - Presentando as causas polas que algo ocorre e as consecuencias.
 - Describindo as características que posúe o obxecto ou a idea que estamos tratando.
 - Expoñendo as ideas de maneira cronolóxica, segundo van acontecendo no tempo.
 - Etc.
3. **Conclusión:** Síntese básica das ideas expostas. A súa extensión límitase a un parágrafo. (Non debe supor máis do 10% do texto expositivo)



PROCESO

Expresión (precisión, obxectividade e claridade)

- **Obxectividade.** Débense empregar sobre todo oracións enunciativas con verbos en 3ª persoa e/ou estruturas impersoais, plurais de modestia... (pénsase que, considérase...)
- **Claridade.** A información debe transmitirse empregando conectores que expliquen as relacións entre as distintas ideas: orde (en primeiro lugar), exemplificación (tal como), contraste (porén), causa (porque)...
- **Léxico preciso.** Débense empregar termos específicos e/ou tecnicismos, non termos comodín (“cousa”, “facer”, “dicir”, etc.) que carecen de significado preciso. Débense achegar datos concretos (porcentaxes, datas, nomes, etc.)

OBSERVACIÓNS

Engadirase un título, que consistirá nun enunciado coa seguinte estrutura: NÚCLEO (substantivo), MODIFICADOR (preferentemente adxectivo) e sen PREDICADO (verbo).

O texto organizase en parágrafos cuxa extensión deberá comprender entre 3 e 10 liñas.



CRITERIOS DE CORRECCIÓN

1. Con respecto á **PRESENTACIÓN**, deberás seguir as INDICACIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS, TAREFAS E TEXTOS, recollidas no CADERNO TIL. (En caso de non cumprilas, poden supoñer unha penalización de até -2 puntos)

2. Con respecto ao **CONTIDO**: (valorarase un 60% na ESO e un 80% en Bacharelato)

O voso texto expositivo debe respectar a **estrutura** deste tipo de textos:

- introdución do tema que se vai tratar. (10%)
- desenvolvemento, onde se achega a información sobre o tema, ao longo de tres parágrafos. (60%)
- conclusión que recolla un breve resumo do tema exposto ou reflexión sobre a vixencia dese tema hoxe. (10%)

3. Con respecto á **EXPRESIÓN**: (valorarase un 40% na ESO e un 20% en Bacharelato)

O voso texto debe ser correcto, polo que debe carecer de:

- erros gramaticais e ortográficos

O voso texto debe respectar as propiedades textuais:

- estar cohesionado (que as partes estean conectadas)
- ser coherente (que teña sentido)
- adecuado (que a súa expresión se corresponda cun nivel de lingua propio dunha tarefa académica)



TIPO DE TEXTO

Un texto argumentativo dá unha opinión avalada por argumentos de distinto tipo para sustentar unha tese ou unha postura en relación a un dilema . Dentro deste tipo de textos pódese atopar gran variedade de exemplos tanto escritos, como orais ou audiovisuais; por exemplo un debate, un coloquio, unha regueifa (tamén un *rap*), un artigo de opinión, un comentario crítico, un ensaio científico, un comentario de texto (histórico, literario, filosófico, artístico...) ou un exercicio no que se solicita unha opinión argumentada como ocorre nas ABAU. Polo tanto, o que se indica aquí é unha estrutura básica sobre a cal construír os argumentos para calquera destes textos.

PROCESO

Estrutura (partes dun texto argumentativo)

1. **Introdución:** A finalidade é presentar o dilema ou asunto, así como a postura que se vai manter ante o mesmo; ademais de captar a atención do destinatario e espertar nel interese e unha actitude favorable. (Non debe supor máis do 10% do texto argumentativo)
2. **Desenvolvemento:** A finalidade é sostener unha opinión, pero argumentar non é opinar, xa que un argumento é unha opinión fundamentada. Só os datos obxectivos, as afirmacións demostrables constitúen argumentos válidos para defender unha postura a favor ou en contra nun dilema. (Debe supor o 80% do texto argumentativo). Podemos servirmos de distintos tipos de argumentos:
 - De competencia, baseado na capacidade adquirida por unha persoa grazas á súa experiencia.
 - De analoxía, baseado en exemplos similares á postura que se defende.
 - De datos, baseado en estatísticas.
 - De autoridade, baseado no prestixio dunha persoa ou institución.
 - De lei, baseado en regras, decretos, ou calquera tipo de norma de carácter legal.
3. **Conclusión:** A súa finalidade é reforzar a postura argumentativa adoptada. (Non debe supor máis do 10% do texto argumentativo)



PROCESO

Expresión (precisión, obxectividade e claridade)

- **Subxectividade.** Débense empregar sobre todo oracións causais, consecutivas, adversativas... con verbos en 1ª persoa e/ou estruturas subordinadas a verbos de pensamento (Eu opino que, considero que, desde o meu punto de vista defendo, na miña opinión...)
- **Claridade.** A información debe transmitirse empregando conectores que expliquen as relacións entre as distintas ideas: orde (en primeiro lugar), exemplificación (tal como), contraste (porén), causa (porque)...
- **Léxico preciso.** Débense empregar termos específicos e/ou tecnicismos, non termos comodín ("cousa", "facer", "dicir", etc.) que carecen de significado preciso. Débense achegar datos concretos (porcentaxes, datas, nomes, etc.)

OBSERVACIÓNS

Para coidar a expresión, sobre todo a cohesión textual, haberá que servirse dos conectores máis habituais para este tipo de textos:

- Adversativos: pero, non obstante, agora ben, con todo, aínda así...
- Consecutivos: así que, mentres que, de modo que, de maneira que...
- Explicativos: por iso, en consecuencia, así pois, por tanto...
- Aditivos: así mesmo, igualmente, de igual modo, por outra parte, pola súa banda, á súa vez, ademais, por engadido, por demais, mesmo, inclusive...
- Contraargumentativos: aínda que, a pesar de que, malia que, se ben...

organización visual

argumentación

OPINIÓ

Primeiramente, opino que non hai cine galego se non é dirixido por empresas galegas,

ARGUMENTO

pois de nada serve que un actor sexa de procedencia galega, ou que unha película sexa filmada en Galicia, se logo o único que se escoita é o castelán e non se usa a lingua galega;

EXEMPLO

por exemplo, nos anos oitenta, a película *Death and the Maiden*, foi rodada na paisaxe galega, pero non co idioma galego, o que me fai considerar que a Galicia só a usan pola súa paisaxe ou pola súa paisanaxe, pero sen empregar o seu idioma.

Para elaborar-redactar un argumento é preciso respectar unha estrutura semellante a esta:

**As redes sociais: sérvenme ou sírvoas?**

As redes sociais, entre as que destacan Facebook e Twitter convertéronse en todo un fenómeno social xa que están revolucionando a forma de nos comunicar e interactuar. A súa capacidade para facer chegar a información a calquera parte do mundo nun tempo récord e a posibilidade de establecer relación con máis persoas de maneira sinxela, fan deste tipo de comunicación unha das máis coñecidas e aclamadas en todo o mundo. En primeiro lugar teño que dicir que son usuaria de Facebook desde hai anos e paréceme unha extraordinaria ferramenta. Todas elas permiten compartir información con millóns de persoas de forma moi sinxela.

Unha grande parte da poboación usa as redes sociais porque permiten desenvolver afeccións. Tamén permiten acudir a acontecementos e participar en actos e conferencias. No meu caso é unha ferramenta moi útil porque serve para manterme en contacto con amigos e familiares, especialmente cos que viven lonxe. Moitos de nós non poderíamos vivir sen Facebook ou Twitter!

Pero as redes sociais non só teñen vantaxes. Segundo o recente informe da Axencia Española de Protección de Datos, máis do 40% dos usuarios ten configurado o seu perfil de forma que o mundo pode velo. Contan a historia dunha moza que deu o seu enderezo a un descoñecido pola rede e sufriu meses de acoso ata que entrevistou a policía. Con este exemplo demóstrase que a privacidade pode verse en perigo, especialmente nos menores, debido a que calquera persoa ten acceso os datos privados destas persoas, e non sempre é bo.

Outro grandísimo problema é a adicción que crean, podendo provocar tal obsesión capaz de reter á persoa que a sofre durante horas “enganchada” a elas. Por iso, as autoridades recomendan un uso responsábel.

En definitiva, eu creo que as redes sociais son un magnífico instrumento para comunicarse e intercambiar opinións e imaxes con persoas próximas, socializar e facer chegar a información a calquera parte de forma rápida e sinxela, pero non debemos usalas sen ningún control porque poden volverse un perigo contra a nosa privacidade e a nosa seguridade.

(Texto adaptado de Adriana Romero)



CRITERIOS DE CORRECCIÓN

1. Con respecto á **PRESENTACIÓN**, deberás seguir as *Indicacións para a presentación de traballos, tarefas e textos*, recollidas no CADERNO TIL. (penalizará até -2 puntos).
2. Con respecto ao **CONTIDO**: (valorarase un 60% na ESO e un 80% en Bacharelato)
 - Presentación da hipótese ou do dilema nun parágrafo diferenciado (10%)
 - Presentación da hipótese, dilema ou asunto proposto.
 - Posicionamento ante o mesmo.
 - Desenvolvemento de 3 argumentos distintos en 3 parágrafos diferenciados. (60%)
 - Ausencia de orixinalidade gratuíta. Información pertinente e necesaria.
 - Ausencia de información previsible (clixés, estereotipos, lugares comúns).
 - Ausencia de repeticións e/ou contradicións.
 - Conclusión e reflexión final nun parágrafo diferenciado (10%)
 - Ausencia de información previsible e de xeneralidades.
 - Ausencia de repeticións e/ou contradicións.
3. Con respecto á **EXPRESIÓN**: (valorarase un 40% na ESO e un 20% en Bacharelato)
 - O voso texto debe ser correcto, polo que debe carecer de:
 - erros gramaticais e ortográficos
 - O voso texto debe respectar as propiedades textuais:
 - estar cohesionado (que as partes estean conectadas)
 - ser coherente (que teña sentido)
 - adecuado (que a súa expresión se corresponda cun nivel de lingua propio dunha tarefa académica)

OBSERVACIÓN: No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, isto dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta. En caso de non responder ao tipo de texto solicitado, a tarefa non será considerada válida e, en consecuencia, non poderá ser avaliada.



INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

LINGUA GALEGA E LITERATURA	
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	
LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)	
LINGUA ESTRANXEIRA (PORTUGUÉS /FRANCÉS)	
LINGUAS CLÁSICAS (LATÍN e GRECO)	
OUTRAS MATERIAS	



RÚBRICA PARA AVALIAR A PRODUCCIÓN TEXTUAL ESCRITA

CCL	Moi ben	Ben	Regular	Mal	Moi Mal ou Sen facer
PRESEN- TACIÓN	Respéctase a data de entrega da tarefa e preséntase un texto (traballo ou tarefa) con encabezamento (datos do autor/a, nome da tarefa e título do texto), con limpeza e letra lexible, respectando todas as marxes, distribuindo os parágrafos separadamente, mantendo as liñas horizontais espaciadas e, no caso de ser escrito, con bolígrafo azul ou negro.	Respéctase a data de entrega da tarefa e preséntase un texto (traballo ou tarefa) con encabezamento (datos do autor/a, nome da tarefa e título do texto), con limpeza e letra lexible, respectando todas as marxes e mantendo as liñas horizontais espaciadas.	Respéctase a data de entrega da tarefa e preséntase un texto (traballo ou tarefa) con encabezamento (datos do autor/a, nome da tarefa e título do texto), con limpeza, letra lexible e respectando as marxes.	Respéctase a data de entrega da tarefa e preséntase un texto (traballo ou tarefa) con encabezamento e con letra lexible.	Non se respecta a data de entrega e/ou non se presenta respectando as indicaións dadas.
ADECUACIÓN	Presenta unha construción adecuada á situación formal en que o texto é solicitado, mostrando un moi bo manexo dos rexistros da lingua. Evítanse por un lado trazos espontáneos propios da oralidade, por outro un estilo afectado, así como expresións previsibles.	Presenta unha construción adecuada á situación formal en que o texto é solicitado, mostrando un bo manexo dos rexistros da lingua. Evítanse trazos espontáneos propios da oralidade así como expresións previsibles.	Presenta unha construción adecuada á situación formal en que o texto é solicitado, mostrando un bo manexo dos rexistros da lingua. Posúe escasas caídas de rexistro (non máis de 5).	A construción textual presenta numerosas caídas de rexistro (máis de 5).	A construción textual non responde ao tipo de texto solicitado.
COHERENCIA	A información organizase en parágrafos ao servizo da estrutura textual (por exemplo: introducción, desenvolvemento, conclusión); o que permite a progresión informativa e a continuidade temática, que dan sentido ao texto.	A información organizase en parágrafos ao servizo da estrutura textual (por exemplo: introducción, desenvolvemento, conclusión); aínda que non sempre se observa progresión informativa ou a continuidade temática, se ben iso non afecta ao sentido do texto.	A información organizase en parágrafos ao servizo da estrutura textual (por exemplo: introducción, desenvolvemento, conclusión); pero nalgunha ocasión un parágrafo carece de sentido.	A información organizase en parágrafos ao servizo da estrutura textual (por exemplo: introducción, desenvolvemento, conclusión); pero en varias ocasións os parágrafos carecen de sentido.	O texto resulta, en xeral, caótico e incoherente. Os parágrafos carecen de sentido.
COHESIÓN	Presenta un moi bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos, evitando as repeticións e servíndose de conectores variados e dun adecuado emprego dos signos de puntuación.	Presenta un bo manexo dos recursos cohesivos, evitando repeticións e servíndose de conectores variados.	Cohesiona as partes do texto evitando repeticións.	Comete algúns erros na cohesión ou repite o mesmo tipo de conectores.	Non cohesiona as partes do texto ou sèrvese sempre do mesmo conector.



RÚBRICA PARA AVALIAR A PRODUCCIÓN TEXTUAL ESCRITA

CCL	Moi ben	Ben	Regular	Mal	Moi Mal ou Sen facer
RIQUEZA E PRECISIÓN LÉXICA	Presenta unha moi boa escolla lexical, evitando palabras comodín, repeticións ou coloquialismos. Evita ademais o uso de termos vacíos, propios da orixinalidade gratuíta.	Presenta unha boa escolla lexical, evitando palabras comodín e repeticións ou coloquialismos.	Presenta unha escolla lexical com escasas palabras comodín, case sen repeticións nin coloquialismos (non máis de cinco).	Presenta abundantes (máis de 5) palabras comodín, repeticións e coloquialismos.	Presenta un léxico pobre e impreciso, inzado de palabras comodín, repeticións e coloquialismos.
CORRECCIÓN GRAMÁTICAL	Os enunciados (oracións, cláusulas, frases) están ben construídas, sem erros de concordancia, cos pronomes ben colocados, os tempos verbais ben conxugados e o resto de palabras variables ben flexionadas .	Presenta algún erro gramatical pouco relevante ou comete alteracións sintácticas pouco significativas.	Presenta algúns erros gramaticais (non máis de cinco). As oracións non están ben construídas.	Presenta numerosos erros gramaticais (máis de 5).	Presenta numerosos erros gramaticais, mesmo oracións ou cláusulas inacabadas.
CORRECCIÓN ORTOGRÁFICA	Non presenta ningún erro ortográfico e o uso dos signos de puntuación é o correcto.	Presenta algún erro por confusión de grafías pouco importante e os fallos na acentuación tampouco son relevantes.	Presenta varios fallos de grafías ou palabras sen acentuar ou mal acentuadas (non máis de cinco).	Presenta máis de cinco erros ortográficos e a puntuación é deficiente.	Presenta numerosos e graves erros ortográficos. A puntuación é case inexistente.
Información pertinente	Responde ao solicitado, aportando información moi pertinente.	Responde ao solicitado, aportando información pertinente.	Boa parte da información resulta previsible ou cae en estereotipos ou lugares comúns.	Máis da metade do contido do texto non resulta pertinente e cae en clichés, estereotipos e lugares comúns.	Carece de contido ou este non é pertinente.
Información necesaria	Responde ao solicitado, aportando toda a información necesaria.	Responde ao solicitado, aportando información necesaria.	Non sempre aporta información necesaria.	Máis da metade do texto carece de información necesaria.	Carece de contido ou non aporta a información necesaria.
Información orixinal	Aporta ideas innovadoras, creatividade e un estilo orixinal.	Aporta ideas innovadoras, creatividade ou un estilo orixinal.	Aporta ideas innovadoras ou creatividade ou un estilo orixinal.	Aporta algunha idea innovadora.	Non aporta ideas innovadoras nin orixinalidade.



CALENDARIO ESCOLAR CURSO 2023-2024

SETEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

OUTUBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23/30	24/31	25	26	27	28	29

NOVEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

DECEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

XANEIRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

FEBREIRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			

MARZO						
L	M	Mé	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

ABRIL						
L	M	Mé	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

MAIO						
L	M	Mé	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

XUÑO						
L	M	Mé	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

Comezo Curso Escolar	11 de setembro
Final Curso Escolar	21 de xuño



ESTE CADERNO É DE...

GRUPO DE TRABALO E SEMINARIO TIL
IES FÉLIX MURIEL - RIANXO